



## De amor y de sombra


### Isabel Allende

Esta é a historia dun home e dunha muller que se amaron en plenitude e un agudo testemuño das dramáticas situacións que se viven en certas rexións de América Latina, así como un canto de amor e esperanza. Con tenrura, Isabel Allende perfila o destino dos seus personaxes como parte indisolúbel do destino colectivo dun continente marcado pola mestizaxe, as inxustizas sociais e a procura da propia identidade. Á lúcida conciencia histórica e social e únese unha impecábel factura literaria en que imaxinación e realidade discorren ao mesmo nivel, constituíndo unha singular expresión do realismo máxico. Hai película co mesmo título. "É un libro moi emotivo que trata un tema real moi duro que tivo lugar en Chile e a forma do seu pobo para superar todos os obstáculos (Andrea Blanco Ruibal de 1.º BAC-C).

## Cartas de amor

### Fran Alonso

As historias deste libro nacen a partir de cartas de amor non convencionais que son as desculpas que nos permiten coñecer as dramáticas circunstancias que rodean as mulleres que as escriben. De feito, os verdadeiros protagonistas das cartas son a pobreza, a guerra, a inmigración, o franquismo, a violencia, a prostitución, a presión social, a integración... E quen escriben as cartas son mulleres que viven circunstancias vitais moi difíciles. Este é un libro contundente pero tenro, un canto á vida e á dignidade. "É un libro bastante interesante que fala da situación da muller hoxe en día" (Tania Vázquez Losada de Ciclo Medio de Comercio).




CARLOS RUIZ ZAFÓN  
EL JUEGO DEL ÁNGEL

## El juego del ángel

### Carlos Ruiz Zafón

David Martín, xove orfo de dezasete anos, traballa como redactor de sucesos nun xornal modesto. Un día o seu xefe adxudícalle escribir unha historia periódica con argumento policiaco titulada *Los Misterios de Barcelona*. Un día recibe o convite dun misterioso editor, Andreas Corelli, para o mellor prostíbulo da cidade. Ao día seguinte da sesión, descobre que o prostíbulo pechara anos atrás... "Es un libro que mantiene la intriga hasta el final y nunca sabes lo que va a pasar" (Bruno Galán Adega de 2.º BAC-A).



## Bo Nadal e moitos libros, discos e películas para a todos!

Nos libros recomendados deste boletín descartáronse os títulos que coincidían cos de lectura obrigatoria das diferentes materias, os do Clube de Lectura previstos para este ano e os que saíron nos boletíns dos dous cursos anteriores. A selección parte da proposta *Salvar libros da queima* feita a todo o alumnado do centro nos seguintes termos:

*No libro de Ray Bradbury Fahrenheit 451, nunha sociedade totalitaria e represiva, está prohibida a crítica e a lectura, de maneira que os libros son queimados por unidades especiais de bombeiros. Fóra do control do poder viven os homes-libro, persoas que aprenden de memoria un libro e fan que o memoricen as seguintes xeracións para que nunca desapareza. Se estiveses no seu caso, cal sería o libro que memorizarías? Non te esquezas de indicar por que estarías disposto a salvar ese libro da queima.*




Biblioteca do IES Ramón Menéndez Pidal (Zalaeta)

Rúa M.ª Victoria Fernández de España n.º 2  
15002 A Coruña  
Tel.: 981 20 30 00  
E-mail: jrabad@edu.xunta.es

Visita o **blogue da biblioteca:**


<http://bibliozalaeta.blogaliza.org/>

e a **páxina do Instituto:**



# Atenda

Boletín da Biblioteca do IES Ramón Menéndez Pidal





**Alicia nos país das maravillas**


**Lewis Carroll**

En primeiro lugar, hai que aclarar que, a pesar do que moitos cren, este libro non é un conto para nenos, se non para todos os públicos, todo un clásico na liña das mellores obras da literatura fantástica de todos os tempos: Alicia, caendo polo tobo dun coello, vai dar a unha sala onde medra e encolle segundo consume beberaxes e doces máxicos, nada entre animais extravagantes nunha charca formada coas súas propias bágoas, entra nun xardín encantado en que estraños personaxes manteñen con ela absurdos razoamentos envoltos na máis rigorosa lóxica aparente... Hai película. "Encantoume. Paréceme moi orixinal e está moi ben contado" (Irene Álvarez Rodríguez de 1.º ESO-B)

**Corazón de tinta**

**Cornelia Funke**


Mortimer, tamén coñecido como Lingua de Bruxo, é un notábel encadernador de libros. Pero a súa cualidade máis importante é a de traer á vida obxectos, animais e persoas dos libros que ama. Pero ao traer unha banda moi perigosa, perde a súa muller Teresa sen poder devolvella desde a súa nova ubicación. Desde entón, el e a súa filla Meggie vivirán escondidos cambiando de domicilio para que a banda non os encontre e tentando recuperar a Teresa. Hai película co mesmo título. "Esta historia ten como propósito achegar a lectura a xente que non le, tratando de que lle guste" (Aitana Abeledo López de 1.º ESO-A). "Me gustó porque es una historia intrigante y emocionante" (Emilio Salorio García de 1.º ESO-B)



**Perigo vexetal**

**Ramón Caride**

Na pantalla do ordenador de Said e Sheila, dous irmáns que viven no ano 2075, aparece unha noticia sorprendente: *A nova planta revolucionaria, o superperce-real SC-1 será a solución dos problemas alimentarios da humanidade.* Ao procuraren máis datos aumenta a intriga: *Unha planta monstruosa arrasa a Pampa arxentina.* Said e Sheila terán de descubrir cal é a relación entre unha noticia e a outra, e onde se atopa o perigo vexetal. "Gustoume moito e non me custou nada lelo enteiro" (Fernando Fraga Guntín de 2.º ESO-B). "É entretido e ten un final inesperado" (Manuel Macera Fumis de 4.º ESO-A)



**Boy (Relatos de infancia)**

**Roald Dahl**


Boy é un relato da infancia de Roald Dahl. Momentos familiares maravillosos mestúranse con outros máis tristes, e aventuras cheas de perigo seguen a outras rebosantes de humor. A perda de seu pai e de súa irmá, o gran complot dos ratos, as vacacións nunha remota illa, os castigos no colexio e o paseo que case lle custa o nariz, son só algúns dos inesquecibéis episodios deste libro repleto de aventuras. "Me gustó porque desarrolla historias muy entretenidas" (Miguel Díaz Astray de 2.º ESO-B)

**3.º e 4.º de ESO**

**O diario vermello de Carlota**

**Gemma Lienas**


Carlota coñece a Flanagan e dille que vai escribir un diario vermello, onde porá as súas ideas e experiencias sobre a sexualidade. Flanagan decide escribir un el tamén, para, ao remátalo, intercambialo e comparar dúbidas e aprender xuntos. A trama ensaíllase cando a Carlota lle gusta Koert, un rapaz holandés, e tamén Flanagan, que ten una relación con Nines. Máis alá da trama, o libro tamén serve de manual. Fala extensamente das primeiras experiencias sexuais, de métodos anticonceptivos, tendencias sexuais, enfermidades de transmisión sexual, e da relación entre o sexo e o amor. Un libro para que as rapazas se coñezan mellor e para que os rapaces saiban entender a sexualidade das mozas. Tamén está publicado *O diario vermello de Flanagan*, de Andreu Martín e Jaume Ribera. "Explica cousas que é conveniente que saiba a xuventude" (Cristina M.ª de Jesús Noya e Jhoanna Chica Maldonado de 2.º ESO-C). "Ademais de ser un libro entretido é una guía ampla e documentada que axuda a coñecer os temas relacionados co sexo" (Marta Conde Fontenla de 1.º BAC-B).



**Las cenizas de Angela**

**Frank McCourt**

Dolorosa e á vez espléndida biografía onde o seu autor –gañador do premio Pulitzer– se remonta a Limerick, unha aldea irlandesa sumida na pobreza. De alí, á América da Gran depresión, e o choque entre dúas realidades e as súas fallidas promesas. A única esperanza de Angela está na educación dos seus cinco fillos, entre eles Frank McCourt. O autor mira o pasado sen rancor e mesmo con humor, sobrevivindo a situacións moi dramáticas coa súa loita constante que lle permite facer realidade os seus soños. Hai película co mesmo título. "Me hizo llorar mucho y es una historia muy entrañable" (Tamara Vázquez Castro de 4.º ESO-B).



**Memorias dun neno labrego**

**Xosé Neira Vilas**

Texto clásico da literatura xuvenil galega, verosímil testemuño do mundo rural galego no século XX. Balbino conta as súas experiencias, desde as festas tradicionais como o Entroido, até a vivencia dramática do loito familiar pola morte do seu padriño esmagado por un carro. Xúntase o choque da esperanza por encontrar un tesouro coa realidade da emigración como saída, válida ou falsa, á situación de marxiniación e abandono en que viviron e viven os habitantes do noso agro. "Pareceume interesante a visión daquela época desde a mentalidade dun neno" (Martín Valcárcel Gómez de 4.º ESO-B). "É unha boa maneira de coñecer como era a vida dun labrego" (Breixo Llano Caldeiro de 1.º Comercio Internacional). "Mostra moitas características da cultura tradicional galega do XX. É una obra entretida, sinxela e rápida de ler" (Concepción Campelo Bouzas de Xestión Comercial e Marketing)


**Cometas en el cielo**

**Khaled Hosseini**

Conmovedora historia de dous país e dous fillos. En Kabul (Afganistán), obsesionado por demostrarlle a seu pai que é xa todo un home, Amir, un rapaz de doce anos, propónse gañar a competición anual de papaventos da forma que for, mesmo a custo do seu inseparábel Hassan, un *hazara* de clase inferior que é o seu servente e compañeiro de xogos desde pequeno, cometendo unha traición que os separará de maneira definitiva e perdendo a súa amizade. Hai película co mesmo título. "Es un libro que hace recordar en qué mundo vivimos, realista, triste por momentos, obliga a no olvidar los sucesos del día a día de los que estamos alejados, pero que también nos repercuten" (Julia Lago Fernández-Couto de 3.º ESO-A).



**Bacharelato, Ciclos Formativos e adultos**



**Corazón da escuridade**

**Joseph Conrad**

Na foz do Támesis, mentres se adensa o luscofusco, o mariñeiro Marlow conta a uns compañeiros a súa vaixe á África, na busca de Kurtz, axente comercial que está enviando á súa compañía inxentes cantidades de marfil. A viaxe de Marlow é unha odisea: o barco en que navegan é vello, o río perigoso, axexado de nativos que atacan nos recantos, a calor insoportábel... Marlow avanza obsesionado por Kurtz, do cal se vai formando unha imaxe contradictoria e mitificada. Por fin encontraro enfermo, nunha choza cercada de cabezas humanas espetadas, adorado por tribos indíxenas ás que subxuga co terror. O encontro con Kurtz será a confirmación da hipócrita actitude colonialista e pon en tea de xuízo o seu carácter de cruzada moral e comercial. Nesta historia baseouse o guión da magnífica película de Francis Ford Coppola *Apocalypse Now*. "É un libro de aventuras que conta unha apaixonante e intrépida viaxe dun mariñeiro por África" (Nerea Prieto García, Luna Sánchez Palacio e Tamara García García de 2.º BAC-B).